



INSTRUCCIÓN 5/2016, DO 20 DE DECEMBRO, DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES POLA QUE SE ESTABECE O RÉXIME TRANSITORIO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL NOS CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN E AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS CONSOLIDADAS DE GALICIA, ACREDITADOS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE ACREDITACIÓN, ESTRUTURACIÓN E MELLORA DESTAS UNIDADES PARA O ANO 2016, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL.

Tendo en conta os seguintes antecedentes:

1.- Que a Resolución do 24 de novembro de 2016 pola que se conceden as axudas da Orde do 11 de agosto de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, é de data 9 de decembro de 2016.

2.- Que entre os custos subvencionables está o custo de contratación de persoal propio e de nova contratación (persoal investigador, técnico ou auxiliares de investigación), dende o 1 de xaneiro de 2016.

3.- Que para a contratación de persoal, segundo o establecido pola Resolución do 24 de novembro de 2016, pola que se conceden as axudas da Orde do 11 de agosto de 2016, na cláusula terceira do anexo I, as unidades de investigación deberán aprobar, a través dos órganos de goberno existentes ou que se poidan establecer, a documentación correspondente aos criterios e requisitos para todos os procedementos destinados á asignación de recursos correspondentes á axuda recibida, como por exemplo: procedementos para a selección de persoal técnico, predoutoral e posdoutoral, criterios de avaliación e selección correspondentes a programas de investigación, asignación de complementos salariais, etc. En todos os casos a unidade comprometerase a asegurar a publicidade das ofertas a través dos medios máis idóneos para estas. Todos os procesos deberán cumprir coa normativa da universidade á que pertence, así como seguir estándares internacionais, ademais de ser coñecidos por todos os investigadores e investigadoras da unidade e, se é o caso, referendados polos seus órganos asesores e de goberno e xestión. Os ditos procesos deberán ser implantados durante o período de execución da axuda. Os documentos que os establecen deberán ser enviados á Secretaría Xeral de Universidades e a súa implantación poderá ser obxecto de seguimento.

4. Que, segundo o artigo 6 da orde de convocatoria, a Secretaría Xeral de Universidades poderá ditar instrucións específicas co fin de aclarar os conceptos subvencionables, así como a súa xustificación económica.

Considerando que, dada a data de comunicación das axudas ás entidades beneficiarias, e diante da necesidade de que as unidades de investigación acreditadas poidan seguir desenvolvendo con normalidade á súa actividade, é preciso establecer un período para a adaptación dos procedementos de contratación de persoal, a Secretaría Xeral de Universidades acorda, de maneira temporal, que as unidades de investigación acreditadas ao abeiro desta convocatoria poidan realizar o procedemento de contratación sen aprobación previa por parte da Secretaría Xeral de Universidades, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**

Unha maneira de facer Europa

1.- As contratacións nas que se impute gasto de acordo coa convocatoria deberán de cumprir coa normativa interna de contratación de cada unha das entidades beneficiarias, e coa normativa de información e publicidade do FEDER.

2.- O marco temporal desta medida estenderase entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de marzo de 2017. Unha vez finalizado dito marco temporal, as unidades de investigación deberán cumprir con todos os requirimentos establecidos para a contratación de persoal.

Esta Secretaría poderá realizar un seguimento desta instrución e ditar as medidas oportunas para a súa eficacia.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2016

O secretario xeral de Universidades



José Alberto Díez de Castro

